



User-Factor



APOIO A PEMES NO DESENVOLVIMENTO DE NOVOS
PRODUTOS E SERVIZOS INNOVADORES MEDIANTE O USO DE
FERRAMENTAS DE DESEÑO CENTRADO NO USUARIO



intención

Este piloto ten como obxectivo chegar a **25 pemes galegas** ferramentas de deseño centrado no usuario para que consigan adaptarse do xeito máis áxil posible ó novo contexto e ás necesidades que demandan os seus clientes.

User-Factor

Esta acción enmarcase no proxecto USER-FACTOR, que pretende fortalecer a innovación nas pequenas e medianas empresas, apoiándoas no uso do deseño como unha ferramenta para a **"user-driven innovation"** ou innovación dirixida polo usuario. A través dun proceso de **intercambio de coñecementos** e utilizando metodoloxías de deseño de servizos, cada socio **desenvolverá, probará e evaluará** una acción piloto de apoio ao deseño con **25 pemes** na súa rexión para axudalas a ser máis innovadoras e competitivas, usando o deseño e involucrando aos usuarios no desenvolvemento de conceptos e probas de prototipos.

O proxecto, iniciado en febreiro de 2018, e cuxa finalización se prevé para xaneiro de 2021, está financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a través do programa **Interreg Atlantic Area**.

O **CIS Tecnoloxía e Deseño** participa no proxecto xunto con outras 7 entidades: PDR/Cardiff Metropolitan University (líder), Scottish Enterprise, Enterprise Ireland, Sociedade Portuguesa de Inovação CEFI, Chambre de Commerce et d'Industrie de Région Bretagne, Departament of Finance Northern Ireland e Asociación de Empresas Tecnolóxicas Innovalia.

impacto



ANALIZAR

Analizar o estado de cada empresa participante, para ser conscientes do **punto do que se parte**, tomando como referencia la escaleira do deseño do Dansk Design Center.



EXPLORAR

Explorar cómo utiliza cada empresa o deseño de produtos e servizos, e proporlles melloras que lles axuden a **xerar maior valor** nos seus mercados, detectar novas oportunidades de negocio e/ou conseguir maior rentabilidade nos seus procesos de innovación.



DESENVOLVER

Desenvolver contido e material a medida para estas empresas, **identificando medidas concretas ou grandes liñas de mellora**, que definan un horizonte onde apareza o deseño como un alicerce onde apoiem o seu éxito empresarial.



MONITORAR

Monitorar o grupo de empresas participantes, a fin de coñecer o **grao de implementación** das medidas recomendadas e o seu nivel de satisfacción, a experiencia obtida con este piloto servirá de base para o deseño de novas accións de apoio ao deseño.

DIAGNÓSTICO INICIAL

Xullo - setembro 2019

1 SESIÓN NA EMPRESA, na que se realizará unha entrevista dirixida co obxectivo de analizar o punto de partida para enfocar mellor o traballo das sesións posteriores. Usarase como referencia para a análise a escaleira do deseño do Dansk Design Center.

GAIN. CIS Tecnoloxía e Deseño

2 PAQUETES DE TRABALLO DIRIXIDOS A:

ASESORADOS POR EXPERTOS EN DESEÑO DE SERVIZOS

PAQUETE 1:

13 empresas de servizos que necesiten detectar novas oportunidades de negocio.

PAQUETE 2:

12 empresas que fabriquen ou comercialicen un produto propio ou empecen a facelo, que busquen mellorar a súa competitividade, diferenciarse dunha forma efectiva ou aumentar o valor dos seus produtos.

ASESORADOS POR EXPERTOS EN DESEÑO DE PRODUTO

CÓMO TRABALLAREMOS

Outubro 2019 - xaneiro 2020

> **INMERSIÓN EN NOVAS FERRAMENTAS DE TRABALLO** que dotan de axilidade á empresa, axudan a identificar as necesidades dos clientes e se enfocan en resolver os problemas de forma innovadora. Dentro destas ferramentas de deseño centradas no usuario propias do Deseño de Servizos, atopamos o "Customer journey map", o "Stakeholders map" ou o "Deseño de escenarios".

> **SPRINTS DE DESEÑO EN EQUIPO**, nos que se traballará sobre retos concretos da empresa e se tratará de explotar novos enfoques e oportunidades de negocio. Realizaranse en 3 sesións de 4 horas cada unha.

> **INMERSIÓN NOS PROCESOS DE DESEÑO** como ferramenta que facilita a incorporación das necesidades-desexos dos usuarios como factor decisivo para desenvolver produtos innovadores, que integren todos os aspectos clave para conseguir uns custos equilibrados e diferenciarse dunha forma efectiva dentro do seu mercado.

> Traballarase sobre proxectos ou ideas de proxectos concretos que teña cada empresa, partindo das necesidades ou puntos débiles detectados na fase de diagnóstico, incidindo sobre a definición correcta de produtos mediante briefs de deseño; definición e xerarquización de *insights* ou claves de éxito desde o punto de vista estético, funcional, produtivo e económico; avaliación de nivel de competitividade en comparación con outros produtos do mercado. Realizaranse 3 sesións coas empresas de 4 horas cada unha.

OUTPUTS

Febreiro 2020

PROPOSTA DE ACCIÓNS DE MELLORA creada co equipo da empresa, cuns pasos claros e realistas para que poida ser executado nos seguintes meses
+ ORIENTACIÓN EN AXUDAS PÚBLICAS

(GAIN. CIS Tecnoloxía e Deseño)

PROPOSTA DE ACCIÓNS DE MELLORA E IDENTIFICACIÓN DE PASOS PARA POSTA EN PRÁCTICA
+ ORIENTACIÓN EN AXUDAS PÚBLICAS

(GAIN. CIS Tecnoloxía e Deseño)

MONITORACIÓN

Outubro 2020

Cuestionario online a cada unha das empresas sobre o grao de implementación das medidas recomendadas, o uso das ferramentas aprendidas e grao de satisfacción coa acción.

GAIN. CIS Tecnoloxía e Deseño